

ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”

<http://www.marinasbetanzos.org> ; info@marinasbetanzos.org; Tlfno. 981 669 541

ACTA DA REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA DA ASOCIACIÓN MARIÑAS – BETANZOS DO LUNS 29 DE FEBREIRO DE 2016, EN CONVOCATORIA ÚNICA ÁS 19:00 HORAS, NO SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE ABEGONDO.

ORDE DO DÍA:

1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.
Acta Xunta Directiva 14/12/2015
2. PRESENTACIÓN FERRAMENTA APOIO Á XESTIÓN DA RESERVA BIOSFERA.
3. PRESENTACIÓN DA ESTRATEXIA INTEGRAL DE DESARROLLO URBANO SOSTENIBLE (EIDUS) ((PRESENTADA POLO CONSORCIO AS MARIÑAS)).
4. NOVIDADES PROGRAMA LEADER 2014-2020: LANZAMENTO PROGRAMA.
5. OUTROS ASUNTOS:
 - 5.1. CANDIDATURAS E PROXECTOS PRESENTADOS.
 - 5.2. PROGRAMAS INTEGRADOS EMPREGO.
 - 5.3. PARTICIPACIÓN NO CURSO DE ESPECIALIZACIÓN EN RESPONSABILIDADE E INNOVACIÓN SOCIAL.
 - 5.4. ALTAS PROGRAMA VOLUNTARIADO.
 - 5.5. PROGRAMA DE SEGUIMENTO FENOLÓXICO NA RESERVA DE BIOSFERA.
 - 5.6. ESCOLA DE NATURALISTAS NA RESERVA DE BIOSFERA.
6. SUXESTIÓNS E PREGUNTAS.

Asistentes:

- Dna. Isabel Casás Couceiro, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación para a recuperación, defensa, produción e promoción Galiña Piñeira - AGALPI).
- Dna Sabela Pérez Iglesias, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Roxín Roxal).
- D. Elia Pérez Taboada, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Grupo Naturalista Habitat).
- D. José Soto Martínez, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Turismo Sostible de A Coruña).
- D. Carlos Vales Vázquez en representación da *Mesa do sector institucional* (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental Galicia –CEIDA-).

- D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*. Presidente da Asociación.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Javier Francisco Caínzos Vázquez, Alcalde do Concello de Curtis en representación da *Mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, Concelleiro de Promoción Económica e emprego do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Rodrigo López Piquín, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Andrés Taboada Marante, 1º Tenente de Alcalde do Concello de Oza Cesuras, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*. Vicepresidente da Asociación.
- D. Xosé Lois Suárez Becerra, Concelleiro de Promoción Económica, Turismo e Medio Ambiente do Concello de Sada, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. María José Crespo Fraga, en representación da *Mesa da pesca, marisqueo e acuicultura* (Confraría de Pescadores de Miño).
- D. Eulogio López Río, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s* (ASPACE).
- Dna. María Teresa Tiemblo Marsal, en representación da *Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s* (ASPANAES).
- D. José Francisco Castro Vilariño, asesor externo da Asociación Mariñas – Betanzos.
- D. Jorge M. Blanco Ballón. Xerente Programa LEADER. GDR Mariñas – Betanzos.
- D. Miguel Fernández Pardo. Técnico Asociación Mariñas Betanzos
- D. Diego Miranda Barrós. Técnico Asociación Mariñas Betanzos
- D. Manuel Giménez Solla. Técnico Asociación Mariñas Betanzos
- D. Diego López Pedreira. Técnico Consorcio As Mariñas

Preside a reunión o Presidente da Asociación , D. José A. Santiso Miramontes, actuando como Secretaria accidental Dna. María José Crespo Fraga, Confraría de Pescadores de Miño.



A XUNTA DESENVOLVEUSE CO SEGUINTE RESULTADO:

1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbase a Acta da reunión de Xunta directiva do 14/12/2015 (Anexo 1).

Abstense a representante da Asociación Roxín Roxal, por non ter asistido á Xunta Directiva anterior.

2. PRESENTACIÓN FERRAMENTA APOIO Á XESTIÓN DA RESERVA BIOSFERA.

Se presenta pola empresa Interim Consulting, unha proposta de ferramenta de apoio á xestión da Reserva de Biosfera. Esta asistencia técnica aportaría unha dirección executiva de forma interina, axudando na organización e na definición de obxectivos así como na súa consecución, e asumindo o impulso a determinadas liñas de acción.

Se formula á empresa a pregunta de canto podería costar isto, ao que resposta que o custe dependerá das horas que teña que adicar mensualmente.

O presidente agradece a presentación realizada, que será enviada por correo electrónico a todos os membros da Xunta directiva.

A Xunta directiva agradece o esforzo realizado, prantexando a dúbida de si na situación actual resulta necesaria esta asistencia técnica, ou si agora sería prioritario ir consolidando a estrutura de funcionamento da Reserva e quizá máis adiante, cando esté consolidada e teña maior dimensión avanzar nesta posibilidade.

3. PRESENTACIÓN DA ESTRATEXIA INTEGRAL DE DESARROLLO URBANO SOSTENIBLE (EIDUS)

O Xerente do Consorcio As Mariñas presenta a Candidatura elaborada dentro da estratexia EIDUS do Ministerio para desenvolver nos vindeiros anos, e relacionada coa sostenibilidade e os principios do crecemento sostible que inspiran a Reserva de Biosfera. Está prevista a súa resolución nos vindeiros meses.

4. NOVIDADES PROGRAMA LEADER 2014-2020: LANZAMENTO PROGRAMA.

O pasado xoves 11 de febreiro no Consello da Xunta deuse conta do lanzamento inminente do Programa LEADER 2014-2020, agardando que saia publicada a súa convocatoria no DOG nos vindeiros días.

Desde ese momento se prevé que deixen 4 meses para elaborar a estratexia e outros 4 para resolver. A idea desde os GDRs é presentar a candidatura canto antes, para tentar asinar os convenios antes do mes de xuño, polo que doutro xeito, dificilmente poderían financiarse proxectos nesta anualidade.



Apróbase a proposta de folha de ruta para ir avanzando na elaboración da candidatura Leader, que recolle reunións sectoriais e municipais, elaboración de documento base e DAFO para o debate, contratación equipo redacción.

5. OUTROS ASUNTOS:

5.1. CANDIDATURAS E PROXECTOS PRESENTADOS:

5.1.1. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 2016.

Tense presentado á Deputación de A Coruña candidatura de proxecto para a posta en marcha do Clube de Producto Turístico Reserva de Biosfera, que inclúe a realización dun Congreso sobre Reservas de Biosfera a celebrar no Castelo de Santa Cruz en colaboración co CEIDA (xúntase como Anexo 3).

5.1.2. INTEREG COOPERACIÓN GALICIA – NORTE DE PORTUGAL.

Tense presentado candidatura ao Programa Intereg “Galicia-Norte de Portugal” un proxecto de cooperación que leva por título: “EMPRENDIMIENTO VERDE” BASADO EN EL CULTIVO ECOLÓGICO DE ESPECIES SILVESTRES PARA USOS COSMÉTICOS Y ALIMENTARIOS, cos seguintes obxectivos:

- Identificar plantas silvestres en los Espacios Naturales Protegidos y Reservas de Biosfera en Galicia y Norte de Portugal, para su posterior cultivo controlado en ecológico.
- Identificar los parámetros de crecimiento de esas especies en la naturaleza, para definir los parámetros de cultivo.
- Evaluar la capacidad de estas plantas y sus principios activos de generar nuevos productos en los mercados de Galicia y Norte de Portugal (cosmética, alimentación, balneoterapia, etc.)
- Generar planes de empresa tipo de puesta en valor económica de estas producciones.
- Elaborar un itinerario de fomento del emprendimiento basado en estas plantas de cultivo ecológico.
- Animar el surgimiento de nuevas empresas y de nuevos “productos verdes” en empresas ya en marcha.

Participan como socios do proxecto as 6 Reservas de Biosfera de Galicia, así como as dúas de Portugal, además da Consellería de Medio Ambiente, as universidades de Vigo e Santiago, empresas agroalimentarias, grupos de acción local de Portugal, Instituto Politécnico de Bragança e o CEIDA. O proxecto sería para desenvolve entre 2016 e 2019, cubrindo un 75% dos costes.



5.1.3. LANZAMIENTO GRUPOS OPERATIVOS DE INNOVACIÓN AGRARIA.

Según Orde do 23 de decembro sairon publicadas as bases para a concesión das subvencións para o apoio á creación de grupos operativos (GO) da Asociación Europea de Innovación conforme o artigo 35.1.c) e os artigos 56 e 57 do Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda para o desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Así mesmo, convocáronse para o ano 2016 as axudas a iniciativa de creación de grupos operativos para gastos destinados á definición, elaboración e busca de socios para proxectos innovadores, de acordo coas bases reguladoras sinaladas no punto anterior.

Un Grupo operativo será agrupación constituída como principal vehículo, orientado á identificación de problemas concretos ou oportunidades nos sectores agroalimentario e forestal, a partir dos que se xeran iniciativas innovadoras que dean resposta e solucións a esas dificultades ou oportunidades detectadas, sempre no ámbito dos obxectivos da AEI.

Desde a Asociación Mariñas-Betanzos temos participado na elaboración de distintas candidaturas para elaborar proxectos baixo este enfoque de Grupo Operativo, ben como xefes de fila, ben como asociados, ou ben como Axentes da Innovación, facilitando o proceso. Caso de ser aprobadas estas propostas, darían 2 meses para elaborar os proxectos específicos:

- G.O. para a mellora varietal do Blanco Lexítimo.
- G.O. para potenciar a trazabilidade dos produtos locais na cadea alimentaria.
- G.O. para mellorar a eficiencia na xestión de puríns no medio rural.
- G.O. para a selección e mellora de maceiras de variedades galegas orientadas á produción de froita.
- G.O. para a mellora da xestión de terras en cooperativas agrarias.
- G.O. para avaliar o seguimento dos programas Leader e seu impacto no medio rural.
- G.O. para fomentar a incorporación de innovacións no sector lácteo.
- G.O. para mellorar a eficiencia do traballo das entidades de aconsellamento.
- G.O. para definir estratexias de loita fronte a vespa asiática.
- G.O. para mellorar a produtividade das producións de horta en ecolóxico.
- G.O. para a mellora da raza Galiña Piñeira.
- G.O. para a mellora varietal do tomate Negro de Santiago.
- G.O. para a posta en valor das landras de carballo.



5.1.4. CONVOCATORIA PROGRAMA DE GARANTÍA XUVENIL.

Ten saído a convocatoria para as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación coas entidades sen ánimo de lucro, dirixido a mellorar a empregabilidade e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito do Programa operativo de emprego xuvenil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Dentro desta convocatoria que cubriría o 100% do custe, se ten presentado solicitude para a contratación de 2 persoas (perfil informática e redes, e enxeñería agrícola), durante o prazo de 7 meses, para desenvolver distintas actividades ligadas á posta en marcha do Plan de Xestión da Reserva de Biosfera, concretamente:

- Articulación dunha rede para a cooperación entre produtores agroalimentarios da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas”, e Formulación de proxectos de cooperación.
- Tarefas de apoio na posta en marcha da Marca de Calidade "Produto da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas" (visitas a Explotacións e agroindustrias, sensibilización e difusión da marca, identificación oportunidades de mercado).
- Deseño e programación dunha plataforma, para o desenvolvemento de accións formativas online dirixidas a produtores agroalimentarios, e interesados en incorporarse á actividade agraria.

5.2. PROGRAMAS INTEGRADOS EMPREGO.

Nesta anualidade 2016 ten saído a Convocatoria para Programas Integrados de Emprego promovidos por entidades locais, pero a Convocatoria para entidades aínda non ten saído.

5.3. PARTICIPACIÓN NO CURSO DE ESPECIALIZACIÓN EN RESPONSABILIDADE E INNOVACIÓN SOCIAL.

A través da Profesora Marta Rey, directora da Cátedra Inditex da Universidade de A Coruña e membro do Comité Científico da Reserva de Biosfera, o alumnado deste curso farán o seu traballo Fin de Curso sobre o deseño dun Programa de Responsabilidade Social na Reserva de Bisofera. Además da Reserva, participarán o Real Clube Deportivo de A Coruña e a Área sociosanitaria de Santiago do SERGAS.

5.4. ALTAS PROGRAMA VOLUNTARIADO

Con data 16 de febreiro de 2016 ten entrado solicitude de alta no Programa de Voluntariado da Asociación Mariñas-Betanzos de Dna. Ana María Nieves Ónega, Licenciada en Ciencias Químicas, coa intención de participar en actividades relacionadas coa aplicación do Programa de Responsabilidade Social na Reserva de Biosfera.



5.5. PROGRAMA DE SEGUIMENTO FENOLÓXICO NA RESERVA DE BIOSFERA.

Os obxectivos do Programa de Seguimento Fenolóxico serán avaliar a través da recollida de datos fenolóxicos, os efectos do cambio climático no territorio das 6 Reservas de Biosfera de Galicia, involucrando no seu desenvolvemento ós diferentes sectores da sociedade: xestores, técnicos, profesores, escolares e público en xeral, todo isto a través dunha plataforma web aberta a toda a cidadanía.

Na actual proposta se traballará especificamente coa comunidade escolar, seleccionando varios centros no territorio das Reservas de Biosfera galegas; en concreto, cada Reserva de Biosfera seleccionará dous-tres centros educativos en cada territorio para a execución deste proxecto.

As idades dos alumnos estarán comprendidas entre os 11 aos 16 anos, é dicir, dende 6º de Primaria a 4º da E.S.O.

Carlos Vales informa que desde a Reserva de Biosfera das Mariñas Coruñesas se ten falado coa Consellería de Medio Ambiente sobre a posibilidade de liderar desde a Consellería a creación da Rede Galega de Reservas de Biosfera, e que van a valoralo.

5.6. ESCOLA DE NATURALISTAS NA RESERVA DE BIOSFERA.

A Escola de Naturalistas é unha actividade realizada polo Grupo Naturalista Hábitat dende o ano 2009, única no ámbito da formación ambiental en Galicia, e resúmese en aprender a escoitar, ver e identificar os elementos que compoñen a biodiversidade. A través de diversas actividades se afonda, de xeito teórico-práctico, no estudo das diferentes áreas do naturalismo (botánica, zooloxía, etc.).

A dinámica das actividades consiste nunha charla teórica e logo unha saída de campo.

Acórdase para esta anualidade 2016 realizar a I Escola de Naturalistas na Reserva de Biosfera, en principio contando co patrocinio da Deputación de A Coruña e promovida desde a Reserva. Desenvolveríanse as actividades un día ao mes, propoñendo como lugar piloto a Aula da Natureza de Crendes, coa posibilidade de seguila espallando por outros Centros de Interpretación. A idea é coñecer mellor os hábitats e especies da Reserva de Biosfera, e que ao mesmo tempo axude a recoller datos que permitan comparar a súa evolución no tempo.

6.- SUXESTIÓNS E PREGUNTAS.

Carlos Vales informa que estase a traballar desde a Reserva de Biosfera nunha proposta a programa LIFE co obxectivo de mellorar os hábitats prioritarios asociados ao bosque de ribeira, tanto na nosa reserva como no Parque Natural das Fragas do Eume, para ter maior superficie e impacto. No proxecto se ten convidado a participar á Fundación Fragas do Mandeo, o CEIDA, a Fundación Global Nature, Consellería de Medio Ambiente, Asociación Euroeume e Deputación de A Coruña. Irase infomando da evolución da candidatura.



Por outra banda traslada a proposta de que a Reserva de Biosfera solicite a súa inclusión na Unión Internacional para a Conservación da Natureza (IUCN), primeiro como Observador e que logo poida estar de pleno dereito. Acórdase solicitar a inclusión antes de final de ano.

Por último, traslada que se teñen aberto negociacións con Gadisa e Estrella Galicia para que puidesen pagar o coste de unha persoa a media xornada para dinamizar a Rede Galega de Reserva de Biosfera, e que levase a secretaría desde o CEIDA.

Non se producen máis intervencións dándose por rematada a reunión ás 21.15 horas.

En Abegondo, a 29 de febreiro de 2016

A Secretaria accidental

Asdo.: Dna. María José Crespo Fraga

Vº e praxe O Presidente

Asdo.: D. José A. Santiso Miramontes

